

5.- DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

▼ O ESTUDIO DOS PRINCIPAIS ASPECTOS relativos ó desenvolvemento territorial da área de Ourense–Verín divídese en dúas partes diferenciadas, nas que se fai referencia á súa dotación infraestructural: estradas, ferrocarril, infraestructuras hidráulicas, parques empresariais, o *Plan de dinamización económica de Galicia* e mailo *Plan Galicia* da Administración Xeral do Estado e, para rematar, o medio ambiente.

Para a realización deste capítulo tívose en conta a información recollida no *Plan director de infraestructuras 2001-2010*, presentado en outubro do ano 2001, no *Plan Decenal Ferroviario 1998-2007*, no estudo *Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal*, realizado polo Consorcio Zona Franca de Vigo, no *Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015*, presentado en outubro do ano 2000 e, fi-


nalmente analízase o *Plan de dinamización económica de Galicia* e o *Plan Galicia* da Administración Xeral do Estado, presentados en xaneiro do ano 2003.

Como punto de partida, os **mapas 5.1., 5.2., 5.3., 5.4., 5.5., 5.6., 5.7., 5.8., 5.9. e 5.10.** permiten observar, para as dez comarcas nas que se divide a área obxecto de estudio, o espallamento das vías de comunicación e a súa rede urbana. Distínguense as vías segundo a súa categorización ó tempo que ós distintos nodos de comunicación establécese un rango segundo a súa importancia.


En canto ós nodos establecidos, o *Mapa comarcal de Galicia* realiza unha distinción dos mesmos en función da súa importancia en cinco rangos, de xeito que o rango I clasificaría ós nodos máis relevantes, fronte ós nodos de rango V, co-

M.5.1.

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS




VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA




M.5.2.

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS




VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA




M.5.3.

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS




VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA




M.5.4.

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS




VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA




M.5.5.

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS




VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA




M.5.6.

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS




VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA




M.5.7.

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS




VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA




M.5.8.

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS




VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA




M.5.9.

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS




VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA




M.5.10.

RELACIÓNS FUNCIONAIS INTERMUNICIPAIS



VÍAS DE COMUNICACIÓN E REDE URBANA



5.1.

Investimentos en infraestructuras viarias en Ourense-Verín

Actuación	Investimento total	Vías
	(en millóns de €)	(en Km.)
Actuacións sobre a rede do estado	306,6	114,0
Autovía Lugo - Ourense	270,5	100
Autovía Verín - Fronteira portuguesa (N-532)	36,1	14
Actuacións sobre a rede autonómica	153,3	29,7
Autoestrada Alto Santo Domingo - A- 52 Ourense	153,3	29,68
Actuacións de mellora da rede convencional		
Eixos transversais Celanova - Cortegada- Filgueira e Xinzo - Bande		
Finalización Eixo do Ribeiro		
Mellora accesibilidade zona occidental		

Fonte: Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010

respondentes a aqueles cunha menor relevancia dentro da clasificación.

O interior da área de Ourense–Verín conta con un nodo de rango I no concello de Ourense, estando situados os únicos dous nodos de rango III existentes nas comarcas de O Carballiño e Verín, na intersección da N-541 e a OU-202, no concello de O Carballiño, así como na intersección entre a N-525, a N-532, a OU-111 e a OU-310 no concello de Verín.

No resto da área obxecto de estudio, os nodos de comunicación existentes son calificados como de rango IV e V. Existen 12 nodos de rango IV situados nas comarcas de Allariz -Maceda, Baixa Limia, O Carballiño, O Ribeiro, Terra de Caldelas e Viana.

Estradas

As principais infraestructuras viarias da área son, como xa foi sinalado no apartado 1.- Panorama xeral, a autovía A-52, a estrada nacional N-120, a estrada nacional N-525, a estrada nacional N-540 e a estrada nacional N-541.

As actuacións propostas no *Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010* sobre a rede estatal, autonómica e convencional na área de Ourense–Verín expóñense no **cadro 5.1.**, destacando en primeiro lugar dentro das actuacións propostas sobre a rede de estradas estatal, a autovía Lugo–Ourense (100 Km. e 270,5 millóns de euros de investimento) e a autovía Verín– Fronteira portuguesa N-532 (14 quilómetros e 36,1 millóns de euros de investimento).

No que respecta ás actuacións sobre a rede viaria autonómica, dentro da área de Ourense–Verín cabe salientalo comezo do segundo tramo da autoestrada Santiago–Ourense, que unirá o Alto de Santo Domingo (Dozón) co enlace de Barbantes (A-52). As obras do citado tramo da autoestrada teñen previsto o seu comezo a principios do ano 2004 e a duración das mesmas roldará os dous anos. A lonxitude deste tramo será de 29,680 Km. e o seu orzamento previsto é de 153.250.000 euros.

O Consello da Xunta autorizou a creación dunha sociedade pública, partici-

pada integramente pola Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, coa finalidade de construír e, no seu caso, explotalas obras da autoestrada Santiago–Ourense, no treito Alto de Santo Domingo–A 52 (Ourense). Esta sociedade ten un orzamento para execución de obra no ano 2004 de 10 millóns de euros.

Por outra banda, establécense tamén actuacións de mellora da rede convencional nos eixes transversais Celanova–Cortegada–Filgueira e Xinzo–Bande, a finalización do eixo do Ribeiro e a mellora da accesibilidade da zona occidental.

Dentro dos Plans sectoriais da rede viaria das áreas urbanas, na cidade de Ourense propónse mellorar e construír novas vías radiais para dotar de calidade ós movementos cara ós concellos limítrofes, en especial ós centros comerciais e polígonos industriais localizados neles. Conxuntamente propónse unha vía anular que distribúa o tráfico entre estes viais radiais, sen necesidade de penetrar no perímetro urbano da cidade.

Ferrocarril

No eido das infraestructuras ferroviarias, o *Plan decenal de infraestructuras ferroviarias de Galicia 1998-2007* recolle unha serie de actuacións a desenvolver que se poden agrupar en actuacións estruturantes e complementarias. Considéranse actuacións estruturantes as de acceso á meseta, a conexión co norte de Portugal e as enmarcadas dentro do chamado Eixe Atlántico. Dentro da área de Ourense–Verín o Plan establece que o acceso dende/á meseta será ben a través de

León–Monforte (acceso norte) ou ben vía Medina–Zamora–Ourense (acceso sur), sendo esta a única actuación de carácter estruturante que afecta á área analizada.

No que respecta ás actuacións complementarias enmarcadas no devandito plan, na área de Ourense–Verín destacan as actuacións sobre liñas afluentes a Ourense: trátase de estende-las melloras obtidas coas actuacións estruturantes antes citadas, adecuándose para velocidades elevadas os traxectos que aflúen a Ourense. Neste senso, os tempos de viaxe serán os seguintes:

- traxecto Ourense–Monforte: 25 minutos
- traxecto Ourense–Vigo: unha hora e dez minutos
- traxecto Ourense–Santiago: unha hora e cinco minutos.

O orzamento previsto para estas tres actuacións ascende a 30,4 millóns de euros no seu conxunto.

Finalmente, destacar as actuacións concertadas con RENFE de integración urbana do ferrocarril no concello de Ourense.

O *Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010* especifica dúas liñas de actuación no marco ferroviario: o programa de alta velocidade e o programa da rede convencional.

No que respecta ó **Programa de alta velocidade**, o *Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010* establece a conexión en alta velocidade das principais cidades galegas co resto da rede na-

5.2.

Principais actuacións na rede ferroviaria interior en Ourense-Verín

Treito	Investimento
	(en millóns de €)
Liña Ourense - Santiago	6,92
Ourense- Monforte- Lugo (1)	106,43
Liña Ourense - Vigo (2)	16,30
Total área funcional	129,65
Total Galicia	315,91

(1) Inclúe: instalacións de seguridade e tren-terra; variante de Canabal, variante de Pobra de San Xiao, Renovación de vías e variantes entre Monforte e Sarria, rectificación de trazado entre Canabal e Monforte e renovación de vía entre Sarria e Lugo.

(2) Inclúe: Renovación parcial de vía dos treitos Arbo - Salvaterra - Caldelas - Guillarei; renovación parcial de vía do treito Guillarei - Vigo; By-pass de Guillarei

Fonte: Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010

cional e das redes transeuropeas mediante a liña de alta velocidade Madrid–Medina del Campo–Zamora–Ourense, e desta cidade a Lugo, Santiago, A Coruña–Ferrol, Pontevedra e Vigo. Así mesmo, dentro da área de Ourense–Verín, na rede interior de alta velocidade de Galicia destaca o trazado Ourense–Lugo e Ourense–Santiago como actuacións incluídas no plan.

No que respecta á **rede convencional** da área de Ourense–Verín, destaca, tal como se mostra no **cadro 5.2.**, que as principais actuacións son, dentro da rede interior, a conexión Ourense–Monforte–Lugo, cun investimento de 106 millóns de euros, a liña Ourense–Vigo, cun investimento de 16,3 millóns de euros, e a liña Ourense–Santiago, cun investimento de 6,9 millóns de euros.

Infraestructuras hidráulicas

Dentro das infraestructuras hidráulicas cabe salientalo *Plan de saneamento de Galicia 2000-2015*, que ten como obxectivo fundamental o cumprimento da Directiva Europea 91/271, de 21 de maio

de 1991, sobre tratamento de augas residuais urbanas.

Na actualidade, o estado actual respecto ó cumprimento da Directiva sinalada, nos concellos que compoñen a área analizada obsérvase no **cadro 5.3.**, onde se determina a existencia de actuacións nas concas do Baixo Miño, do río Támega, do Sil inferior e do río Limia. As actuacións de saneamento dos concellos de Maceda, O Carballiño, Ourense (Reza), San Cibrao das Viñas e Viana do Bolo están rematadas e cumprindo a Directiva 91/271. A actuación de saneamento do concello de Allariz está en execución e cumpre a directiva sinalada.

As actuacións de saneamento dos concellos de Arnoia, Baños de Molgas, Verín e Xinzo de Limia están en execución ou en proxecto e non cumpren a Directiva 91/271.

O *Plan de saneamento de Galicia* prevé, no marco temporal do ano 2015, as seguintes actuacións na área de Ourense–Verín:

– Adecuación das redes de colectores

5.3.

Estado actual do saneamento respecto á Directiva 91/271

Concello	Conca	He aglomeración	He deseño EDAR	Tratamento	Estado	Cumprimento Directiva
Allariz	Baixo Miño	4.116	6.500	Biolóxico	Execución	Cumpre
Arnoia	Baixo Miño	776	2.000	Biolóxico	Execución	Non cumpre (en construción)
Baños de Molgas	Baixo Miño	1.030	2.270	Biolóxico	Proxecto	Non cumpre (en proxecto)
Maceda	Baixo Miño	1.747	3.500	Biolóxico	Rematada	Cumpre
O Carballiño	Baixo Miño	11.224	17.500	Biolóxico	Rematada	Cumpre
Ourense (Reza)	Baixo Miño	120.623	88.000	Biolóxico	Rematada	Cumpre
San Cibrao das Viñas	Baixo Miño	56.346	55.000	Biolóxico	Rematada	Cumpre
Verín	Tamega	12.300	30.000	Biolóxico	Execución	Non cumpre (en construción)
Viana do Bolo	Sil inferior	2.140	2.000	Biolóxico	Rematada	Cumpre
Xinzo de Limia	Limia	7.593	13.500	Biolóxico	Execución	Non cumpre (en construción)

Fonte: Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015

existentes nos concellos de O Carballiño, Maside, Leiro, Ourense, San Cibrao das Viñas, Ribadavia (Francelos), Maceda, Baños de Molgas, Allariz, Celanova, Xinzo de Limia, Verín e Viana do Bolo.

– Actuacións sobre novas redes de colectores nos concellos de Amoeiro, O Carballiño, Maside, Leiro, Ourense, San Cibrao das Viñas, Castrelo de Miño, Ribadavia, Maceda, Baños de Molgas, Ramirás, Allariz, Celanova, Sarreaus, Bande, Xinzo de Limia, Vilar de Santos, Cualedro, Verín e Viana do Bolo.

– Actuacións en depuradoras nos concellos de Amoeiro, Maside, Leiro, Ourense, San Cibrao das Viñas, Castrelo de Miño, Ribadavia, Baños de Molgas, Ramirás, Allariz, Xunqueira, Sarreaus, Bande, Vilar de Santos, Cualedro e Viana

do Bolo.

Parques empresariais

A oito de maio de 2003 había na área de Ourense–Verín cinco parques empresariais⁽¹⁾ operativos promovidos polo Instituto Galego de Vivenda e Solo e xestionado por Xestur, emprazados nos concellos de Allariz, O Carballiño, Pereiro de Aguiar, Sarreaus e Xinzo de Limia; tres parques en execución, localizados en Ribadavia, San Cibrao das Viñas e Verín; e cinco parques en curso, situados nos concellos de Celanova, Entrimo, Vilamarín, Pereiro de Aguiar e Xinzo de Limia (**cadro 5.4.**).

Dos cinco parques empresariais operativos promovidos polo IGVS, só existen datos dos parques emprazados no Carba-

(1) Énténdese por parque empresarial aquela actuación inmobiliaria que sitúa no mercado unha oferta de solo industrial urbanizado destinado a actividades industriais, comerciais e/ou de servizos e que cumpre uns requisitos consistentes na existencia dun promotor xestor, que o solo onde se radica sexa legalmente cualificado para tal fin e que dispoña dunha serie de infraestruturas e servizos básicos. Deste xeito, o termo de parque empresarial é utilizado como sinónimo de polígono industrial ou solo industrial urbanizado, pero non inclúe, sen embargo, os parques tecnolóxicos.

Os parques empresariais en funcionamento, que son aqueles xa urbanizados e que xeralmente xa contan con empresas instaladas, pódeseles engadir os parques que se atopan noutras fases de desenvolvemento: en construción, en proxecto ou en estudo. Así, os primeiros serían aqueles coas obras de urbanización xa iniciadas pero aínda non finalizadas; os parques empresariais en proxecto están próximos a se construír ou estase a desenvolver-lo seu plan parcial, namentres que os parques en estudo son aqueles que están previstos a medio prazo.

lino, en Pereiro de Aguiar e en Xinzo de Limia, **cadro 5.5.**, destacando pola súa superficie o parque empresarial de Pereiro de Aguiar, con 148.552 m², dos que o 67,1% son superficie comercial. Este parque dispón de 45 parcelas cun prezo que oscila entre 24,04 e 33,06 euros por m². O segundo parque empresarial operativo en importancia é o de Xinzo de Limia, con 133.971 m², dos que o 58,3% son superficie comercial, dispoñendo de 36 parcelas cun prezo de 23,42 a 35,34 euros por m². O último parque operativo promovido polo IGVS na área de Ourense–Verín do que se dispón de datos é o de O Carballiño, con 116.241 m² de superficie e 40 parcelas.

Os parques en execución promovidos polo IGVS están localizados nos concellos de Ridabavia, con 51.973 m² de superficie total, 22.780 m² de superficie comercial e industrial e 22 parcelas; no concello de San Cibrao das Viñas, e no concello de Verín, cunha superficie total este último de 132.215 m², 28.327 m² de superficie industrial e comercial e 12 parcelas.

Xunto ós parques empresariais promovidos polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e Xestur, o estudo *Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal*, realizado polo Consorcio Zona Franca de Vigo, sinala que en marzo de 1998 a área de Ourense–Verín contaba con tres parques empresariais en funcionamento, xestionados polo Concello de O Carballiño (o parque empresarial de O Carballiño), Caixa Ourense e Sisalga (o parque empresarial de San Cibrao das Viñas) e por Sisalga (o parque empresaria-

rial de Pazos) (**cadro 5.6.**).

Segundo os datos recollidos no devandito estudio, destaca o parque empresarial de San Cibrao das Viñas, cunha superficie total de 2.910.000 m², da que o 79% é superficie comercial, dividido en 100 parcelas. O segundo parque en importancia en relación á súa extensión é o de A Uceira, con 303.929 m² divididos en 40 parcelas. O parque empresarial de Pazos é o de menor extensión dos parques non promovidos polo IGVS ou Xestur na área de Ourense–Verín, con 132.215 m² e 17 parcelas.

O *Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010* inclúe catro parques empresariais en fase de execución dentro da área de Ourense–Verín, nos concellos de Celanova, Entrimo, Ribadavia e Verín. Por outra banda, estase traballando na creación en Ourense dunha área de oportunidade vinculada ó sector do automóbil, na zona de Verín. Trátase do chamado Centro Europeo da Automoción, unha plataforma loxística e industrial, cunha superficie de 900 Ha., que será desenvolvida como un proxecto transfronteirizo, en colaboración coa zona portuguesa de Chaves.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo e Xestur están a traballar noutros 20 parques empresariais, cunha superficie total superior ós 7,3 millóns de m². Dentro da área de Ourense–Verín emprázanse os parques de Nogueira de Ramuín, con 30.000 m² de superficie e 0,697 millóns de euros de investimento previsto, e o xa citado Centro de Automoción de Verín, con 50.000 m² de superficie e cun investi-

5.4.

Parques empresariais promovidos polo IGVS e Xestur ⁽¹⁾

	Operativos	En execución	En curso	En estudio de viabilidade
Galicia	35	10	25	31
A Coruña	13	0	6	12
Lugo	12	5	8	5
Ourense	5	4	5	0
Allariz	1			
O Carballiño	1			
Pereiro de Aguiar	1			
Sarreaus	1			
Xinzo de Limia	1			
Ribadavia		1		
San Cibrao das Viñas		1		
Verín		1		
Celanova			1	
Entrimo			1	
Vilamarín			1	
Pereiro de Aguiar			1	
Xinzo de Limia			1	
Pontevedra	5	1	6	14

(1) Actualización a 8 de maio de 2003

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGVS

5.5.

Parques empresariais operativos en Ourense-Verín promovidos polo IGVS e Xestur ⁽¹⁾

	Superficie total (m ²)	Superficie comercial	Parcelas	Superficie das parcelas (m ²)	Prezo (€/m ²)
Ourense					
Allariz	-	-	-	-	-
O Carballiño	116.241	73.533	40	de 820 a 8.000	-
Pereiro de Aguiar	148.552	99.674	45	de 999 a 7.547	de 24,04 a 33,06
Sarreaus	-	-	-	-	-
Xinzo de Limia	133.971	78.086	36	de 1.036 a 3.218	de 23,42 a 35,34

(1) actualización a 13-05-2003

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGVS

5.6.

Parques empresariais en funcionamento non promovidos polo IGVS nin Xestur

Concello	Promotor / Xestor	Nº de parcelas	Nº de parcelas vendidas	Superficie	Superficie industrial (m ²)	Superficie comercial	Prezo (€/m ²)	Investimento total (millóns de €)
A Uceira	Concello do Carballiño	44	40	303.929	146.447	6.737	3,8	1,20
San Cibrao das Viñas	Caixa Ourense / SIGALSA	105	100	2.910.000	2.301.810	-	26,4	-
Pazos	SIGALSA	30	17	132.215	85.956	-	24,0	-
Total		179	157	3.346.144	2.534.213	6.737		1,20

Fonte: Consorcio da Zona Franca de Vigo, Parques Empresariais de Galicia e Norte de Portugal

5.7.

Investimento en infraestruturas na área de Ourense - Verín

	Investimento (en millóns de euros)	Ano proposto de finalización	Redución de prazos (en meses)	Lonxitude (en km)
Plan de dinamización económica.				
Plan para reforza-la competitividade do conxunto de Galicia				
Infraestruturas viarias				
Actuacións previstas que acurtan os seus prazos polo Plan	30,0			73,0
Lugo - Portugal por Ourense, na Autovía A-52 Celanova - Fronteira (mellora de trazado e variantes)	30,0	Finalización 2006	18	73,0
Plan para mellora-lo equilibrio territorial de Galicia				
Solo empresarial				
Área de Ourense-Este	6,8			
Área de Ourense-Centro	26,6			
O Plan Galicia da Administración Xeral do Estado				
Actuacións xa comprometidas				
Autovía Ourense - Lugo	271			
AVE Ourense - Lugo	600			
AVE Lubián - Ourense	2.400			
AVE Ourense - Santiago	1.200			

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *Plan de dinamización económica. Plan Galicia*

mento previsto de 31,26 millóns de euros.

Plan de dinamización económica de Galicia e Plan Galicia

As actuacións previstas polo *Plan de dinamización económica de Galicia* da Xunta de Galicia e o *Plan Galicia* da Administración Xeral do Estado, dentro do marco xeográfico da área de Ourense-Verín respecto a estradas e ferrocarril son as que se especifican no **cadro 5.7**.

O *Plan de dinamización económica de Galicia*, que parte da estratexia definida no PEDEGA, establece actuacións concretas no interior de Galicia para avanzar na cohesión territorial da comunidade autónoma. Nas seis áreas de dinamización prioritarias definidas nas provincias de Ourense e Lugo, hai tres, as existentes na provincia de Ourense, que

teñen incidencia na área de Ourense-Verín: área de Ourense-Oeste, que xira sobre o eixo Carballiño-Ribadavia; a área Ourense-Centro, ó redor do eixo Pereiro-Xinzo de Limia; e a área Ourense-Este, que pivotaría sobre A Gudiña-Verín-Viana do Bolo.

Estas áreas de dinamización contarán con solo empresarial competitivo e cunha completa oferta de servizos, así como cun elevado nivel de incentivos ó investimento.

No caso dos incentivos ó investimento, prevese unha axuda mínima ós proxectos de investimento do 30% se existe xeración de emprego para os proxectos con investimento superior a 601.000 euros. Para os proxectos de contía inferior, establécese o 35% de axuda ó investimento se existe xeración de emprego. Durante o exercicio 2003, a liña de

microcréditos do IGAPE tivo un xuro do 2,5%.

Incluídos no *Plan Galicia*, a Xunta de Galicia e o Estado investirán un total de 186,9 millóns de euros na construción de 33 novos parques empresariais (8.892,1 miles de metros cadrados de superficie), dos que sete deles están localizados na área de Ourense–Verín: A Gudiña (30.000 m² e 1,1 millóns de euros de investimento previsto), Allariz-Paderne (1.000.000 m² e 21 millóns de euros de investimento previsto), Riós (30.000 m² e 0,69 millóns de euros de investimento previsto), Verín (150.000 m² e 4 millóns de euros de investimento previsto), Viana do Bolo (30.000 m² e 0,69 millóns de euros de investimento previsto), Pereiro de Aguiar 3ª fase, (146.000 m² e 3,8 millóns de euros de investimento previsto) e Xinzo de Limia 4ª fase (700.000 m² e 1,8 millóns de euros de investimento previsto).

Medio ambiente

O estudo do medio ambiente na área de Ourense–Verín céntrase na análise da situación do solo da área, dividindo o estudo en tres apartados: en primeiro lugar trátase o número e causalidade dos incendios existentes na zona, pasando posteriormente a analiza-la situación dos dous parques naturais existentes na área, para rematar analizando as zonas da área de Ourense–Verín incluídas na Rede Natura 2000.

No que respecta ó número de **lumes** e superficie afectada entre os anos 1991 e 2002 na área de Ourense–Verín, o **cadro**

5.8. mostra como dos 3.382 incendios na provincia de Ourense de media anual no período sinalado, 2.572 (o 76%) producíronse na área de Ourense–Verín, onde a superficie queimada de media ascendeu no período 1991-2002 a 8.640 hectáreas, das que o 20,4% era superficie arborada.

Dos catro distritos forestais nos que se divide a área analizada o maior número de incendios deuse no distrito de A Limia, con 774 incendios de media anual, seguido do distrito de Verín–Viana, con 745 lumes. No que respecta á causa dos lumes, na área estudada o 90% dos lumes catalogados como incendios foron intencionados, unha porcentaxe similar á que se dá no conxunto da provincia.

Atendendo á distribución segundo as súas causas, o **cadro 5.8.** mostra que o 89% dos incendios rexistrados na área de Ourense–Verín (2.289 lumes) foron intencionados, afectando ó 92,1% da superficie queimada (7.961 Ha). No conxunto de Galicia estas porcentaxes acadaron o 86,2% (106.206 lumes) e o 90,9% (262.744,3 Ha), respectivamente.

Na área de Ourense–Verín destaca a existencia de dous **parques naturais**, o da Baixa Limia–Serra do Xurés e o do Invernadeiro.

O parque natural Baixa Limia–Serra do Xurés abarca unha superficie de 20.920 Ha, que se corresponden coas zonas máis elevadas dos concellos de Entrimo, Lobios e Miuños, limítrofes con Portugal e co parque natural portugués de Peneda–Gerês.

O parque natural de Baixa Limia es-

5.8.

Lumes e superficie afectada 1991-2002 na área de Ourense-Verín: distribución segundo causas e distrito. Media anual

	Número de lumes				Superficie			
	Total	(%)	Total	(%)	Arborada	(%)	Rasa	(%)
O Ribeiro-Arenteiro	435	100	1.615	100	463	100	1.152	100
Basureiros	0	0,0	0	0,1	0	0,1	-	0,1
Descoñecida	30	7,0	63	4,5	21	4,5	42	4,5
Reproducción	2	0,5	3	1,5	3	1,5	1	1,5
Intencionado	389	89,5	1.518	92,3	430	92,3	1.088	92,3
Neglixencia	7	1,6	17	0,5	6	0,5	11	0,5
Outros	2	0,5	4	0,4	2	0,4	2	0,4
Queima	1	0,1	0	0,4	0	0,4	0	0,4
Causa natural	4	0,9	10	0,4	2	0,4	7	0,4
Miño-Arnoia	618	100	1.870	100	412	100	1.458	100
Basureiros	1	0,1	0	0,1	0	0,1	0	0,1
Descoñecida	116	18,7	267	4,5	99	4,5	168	4,5
Reproducción	10	1,6	27	1,5	9	1,5	18	1,5
Intencionado	470	76,1	1.559	92,3	298	92,3	1.261	92,3
Neglixencia	11	1,8	9	0,5	3	0,5	5	0,5
Outros	4	0,7	2	0,4	1	0,4	2	0,4
Queima	1	0,2	1	0,4	0	0,4	1	0,4
Causa natural	5	0,9	4	0,4	2	0,4	2	0,4
Verín-Viana	745	100	2.563	100	444	100	2.118	100
Basureiros	2	0,2	8	0,1	3	0,1	5	0,1
Descoñecida	24	3,2	97	4,5	20	4,5	77	4,5
Reproducción	4	0,6	14	1,5	8	1,5	6	1,5
Intencionado	697	93,5	2.408	92,3	412	92,3	1.997	92,3
Neglixencia	5	0,7	3	0,5	1	0,5	3	0,5
Outros	3	0,4	24	0,4	1	0,4	22	0,4
Queima	2	0,2	3	0,4	-	0,4	3	0,4
Causa natural	8	1,1	7	0,4	1	0,4	6	0,4
A Limia	774	100	2.592	100	406	100	2.186	100
Basureiros	1	0,1	2	0,1	0	0,1	2	0,1
Descoñecida	23	3,0	62	4,5	10	4,5	53	4,5
Reproducción	3	0,4	4	1,5	1	1,5	4	1,5
Intencionado	733	94,7	2.475	92,3	386	92,3	2.088	92,3
Neglixencia	6	0,8	14	0,5	5	0,5	8	0,5
Outros	2	0,3	17	0,4	2	0,4	15	0,4
Queima	1	0,1	1	0,4	0	0,4	0	0,4
Causa natural	5	0,6	18	0,4	1	0,4	16	0,4
Total área funcional	2.572	100,0	8.640	100	1.726	100	6.914	100
Basureiros	4	0,1	10	0,1	3	0,2	7	0,1
Descoñecida	193	7,5	489	5,7	149	8,6	340	4,9
Reproducción	19	0,8	48	0,6	20	1,1	28	0,4
Intencionado	2.289	89,0	7.961	92,1	1.527	88,4	6.434	93,1
Neglixencia	29	1,1	43	0,5	15	0,9	28	0,4
Outros	12	0,5	46	0,5	5	0,3	41	0,6
Queima	4	0,2	4	0,1	1	0,0	4	0,1
Causa natural	22	0,9	38	0,4	7	0,4	32	0,5
Provincia de Ourense	3.382	100	12.706	100	2.284	100	10.422	100
Basureiros	6	0,2	12	0,1	4	0,1	8	0,1
Descoñecida	212	6,3	574	4,5	163	4,5	411	4,5
Reproducción	27	0,8	188	1,5	27	1,5	161	1,5
Intencionado	3.046	90,1	11.723	92,3	2.050	92,3	9.673	92,3
Neglixencia	37	1,1	59	0,5	18	0,5	41	0,5
Outros	14	0,4	49	0,4	6	0,4	43	0,4
Queima	12	0,3	51	0,4	8	0,4	43	0,4
Causa natural	28	0,8	50	0,4	9	0,4	41	0,4

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

téndese polo sector extremo da comarca homónima. A necesidade de protección, revalorización e reconstrucción, e abri-la posibilidade de acceso ó público, fixo que se optase pola declaración de parque natural, materializa no Decreto 29/1993 da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia. Para unha axeitada protección e conservación, e debido á existencia de poboacións e actividades económicas no entorno, establecéronse no Plan rector de uso e xestión do parque sete categorías ou zonas, segundo os valores naturais sexan moi altos, altos, medios ou baixos e de acordo ó uso actual do territorio. Estas zonas son: Reserva integral, Protección especial, Rexeneración forestal, Cultivos, Servicios, Núcleos rurais e Masas de auga, sendo dúas as zonas de protección máis exhaustiva, as zonas de reserva integral e as zonas de rexeneración forestal.

O parque natural do Invernadeiro abarca unha superficie de 5.722 Ha, situadas no termo municipal de Vilariño de Conso e formadas polas serras de San Mamede, Queixa, Manzaneda e o Fial das Corzas, que constitúen o Macizo Central Ourensán. O Invernadeiro disfruta da categoría de parque natural dende o 5 de xuño de 1997, a través do Decreto 155/1997.

A **Rede Natura 2000** é unha iniciativa comunitaria cúa finalidade é a de asegura-la conservación de hábitats e especies mediante un procedemento baseado no coñecemento científico.

Na Rede Natura 2000 intégranse os espacios designados como Zonas de Es-

pecial Protección para Aves (ZEPAs) pola Directiva de aves (79/409/CEE) e os espacios designados para o cumprimento da Directiva de hábitats (92/43/CEE), coñecidos como Lugares de Importancia Comunitaria (LICs).

Cada Estado membro da Unión Europea é o responsable de presentar os lugares de interese comunitario suficientes para garanti-la conservación dos hábitats e especies de interese comunitario, creándose unha rede de lugares nos que se asegurará a conservación e mantemento dos mesmos aplicando medidas preventivas, correctoras e compensatorias ante os posibles impactos ambientais, que terán que ser previstos en cada un dos lugares.

A proposta galega está integrada por 65 espacios, 57 deles propostos como LICs e os 8 restantes como ZEPAs. Dentro da área de Ourense-Verín están incluídos os seguintes espacios:

- Macizo Central Ourensán: abarca os concellos de Chandrexa de Queixa, Laza, Manzaneda, Pobra de Trives, Viana do Bolo, Vilariño de Conso, Quiroga, Larouco e Montederramo, cunha superficie de 45.196 Ha.

- Baixa Limia: abarca os concellos de Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños, Padrenda, Quintela de Leirado e Verín, cunha superficie de 34.248 Ha.

- Pena Maseira: abarca os concellos de A Gudiña e A Mezquita, cunha superficie de 5.854 Ha.

- Pena Trevinca: abarca os concellos de Carballeda de Valdeorras, A Veiga, Viana do Bolo, Manzaneda e O Bolo,

cunha superficie de 24.860 Ha. ■